ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV26006

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A revisión en vía administrativa de títulos habilitantes de natureza urbanística.

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria Consello Consultivo

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	CONVENIO	**HORAS:**	24
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/02/2026 - 09:00h ao 11/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Valoración
Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 25 de xaneiro de 2022 (BOE núm. 26, do 31 de xaneiro de 2022), pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración de cursos de formación e perfeccionamento a efectos do baremo de méritos xerais do persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,40 puntos.
Para os efectos do establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (DOG núm. 52, do 16 de marzo, e corrección DOG núm. 77, do 22 de abril) sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,30 puntos.
Este curso ten como obxectivo a formación práctica revisión de títulos administrativos habilitantes en vía administrativa.
A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que preste servizos nos departamentos de Urbanismo, ou nos servizos de instrucción e tramitación de recursos reclamación.
A formación será esencialmente práctica, e consisitirá no análise de cada mecanismo de impugnación contemplado na lei, e os requisitos que deben darse para apreciar a existencia de responsabilidade de acordo coa normativa aplicable e a xurisprudencia que a desenvolve.
O coñecemento desta materia redunda no mellor exercicio da profesión.
Neste curso realízase unha análise práctica dos diferentes supostos, partindo dos máis recentes pronunciamentos xurisprudenciais na materia e estudo de criterios específicos de órganos consultivos: Consello de Estado e Consello Consultivo de Galicia.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia, da Administración Pública Autonómica de Galicia, da Administración institucional galega e das entidades públicas instrumentais do artigo 45.a) da LOFAXGA
Preferentemente: empregados públicos dos subgrupos A1 e A2 e equivalentes, así como habilitados nacionais.

PROGRAMA

Módulo 1. O Consello Consultivo de Galicia. organización, competencias, réxime xurídico.
Módulo 2. Procedemento de revisión de oficio de títulos administrativos habilitantes
Módulo 3. As causas de revisión de oficio de títulos administrativos habilitantes
Módulo 4. A declaración de lesividade de títulos administrativos habilitantes.
Módulo 5. Revogación de actos e rectificación de erros de títulos administrativos habilitantes.
Módulo 6. Recursos ordinarios: recurso de alzada e recurso de reposición. Especialidades en materia de títulos administrativos habilitantes.
Módulo 7. Recurso extraordinario de revisión. Especialidades en materia de títulos administrativos habilitantes.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 09/04/2026 a 03/05/2026
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 07/05/2026 ás 17:00h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Proba final en liña.		